

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 15 de febreiro de 2017 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2017.

Na Orde do 16 de marzo de 2011, da Consellería de Economía e Industria (actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria), establécese que a consellería competente regulará mediante orde o procedemento e a convocatoria para a realización dos exames encamiñados á obtención tanto dos carnés como de calquera outra habilitación profesional necesaria no ámbito da seguridade industrial.

O acordo de coordinación asinado o 9 de abril de 2010 entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (actualmente Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) para establecer un procedemento co fin de que o proceso de obtención de determinados carnés profesionais se articule a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece que esta última adoptará as medidas necesarias para que nos centros integrados de formación profesional ou naqueles outros dependentes desta consellería que se estableza, que impartan formación profesional, se realicen as xestións encamiñadas á obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais nas especialidades que conxuntamente se determinen.

Así mesmo, faculta a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para realizar as convocatorias anuais para a obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais polo procedemento de exame.

Igualmente, a Orde do 5 de decembro de 2011 establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento e a convocatoria para a realización das probas teórico-prácticas para a obtención da certificación persoal da competencia para a manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga e de carga inferior a tres quilogramos de gases fluorados, e para manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.



En virtude do anteriormente exposto, co fin de regular a organización e o desenvolvemento dos exames para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer o procedemento que seguirá a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización dos exames encamiñados á obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais para o ano 2017 nas seguintes especialidades:

Carnés profesionais:

- Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

Habilitacións profesionais:

- Operador/ora industrial de caldeiras.
- Instalador/ora de gas, categoría A.
- Instalador/ora de gas, categoría B.
- Instalador/ora de gas, categoría C.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.



- Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
- Manipulador/ora de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/ora de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
- Manipulador/ora de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empuen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.

O procedemento obxecto desta orde articularase en dúas convocatorias independentes, denominadas ordinaria e extraordinaria, en atención ao período do ano en que se desenvolvan.

Artigo 2. *Requisitos das persoas aspirantes*

Para seren admitidas á realización das probas, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estaren en idade legal laboral ou teren a idade mínima que, de ser o caso, poida exixir a normativa sectorial correspondente.
- b) Requisitos específicos que para cada especialidade se establezan na normativa vixente.

Artigo 3. *Solicitudes*

1. As persoas aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante instancia, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde. No caso de teren interese na obtención de máis dun carné profesional ou habilitación profesional presentarán unha solicitude por cada un deles, xunto coa correspondente documentación xustificativa.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) Titulación ou estudos non universitarios requiridos, cando o estableza a especialidade.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Todas as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude o xustificante de aboamento das taxas (clave 32.07.01), segundo o establecido no artigo 6 desta orde.

2. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención dalgún dos catro carnés profesionais convocados tamén deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación de superación do curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

b) Certificado de estar a cursar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no caso de non ter rema-



tado o devandito curso. Neste caso, cumprirá presentar a certificación de superación o día da celebración da primeira parte da proba.

3. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención do carné de instalacións térmicas en edificios tamén deberán achegar coa solicitude:

a) Informe de vida laboral para a acreditación da experiencia laboral, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Certificación de empresa segundo o anexo II, para acreditación da experiencia laboral, que se describirá mediante a relación de actividades desenvolvidas, nos termos recollidos na normativa da especialidade que corresponda.

4. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención dos carnés de guindastre torre e guindastre móbil autopropulsado, categorías A e B, tamén deberán achegar coa solicitude o seguinte:

a) Titulación ou estudos non universitarios requiridos, cando se trate de equivalentes académicos ou equivalentes para os efectos profesionais co título da ESO, no caso de que fosen expedidos por outra comunidade autónoma.

b) Certificación de ter superado un exame médico, nos termos establecidos no Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

5. As persoas interesadas en participar nas probas para a obtención de habilitacións profesionais para a manipulación de gases fluorados tamén deberán achegar coa solicitude:

a) Certificación do programa formativo para manipulación de gases fluorados que corresponda que, malia non constituír un requisito para presentarse á proba, é imprescindible para a expedición do certificado persoal.

b) A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de



maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

c) Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 6. *Taxas*

1. Xunto coa solicitude deberase presentar xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas (importe de 38,75 euros), validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso. O modelo de impreso, así como os datos e os códigos que se deben indicar son os seguintes:

Modelo A.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Código 07.

Delegación de Servizos Centrais. Código 13.

Servizo de Xestión da Formación Profesional. Código 03.

Taxa: denominación: capacitación profesional para o exercicio de actividades en materia de industria. Código 320701.

2. A non presentación dentro de prazo deste xustificante, no que debe figurar o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. Para a convocatoria ordinaria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 2 ao día 15 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos.



2. Para a convocatoria extraordinaria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 3 ao día 14 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos.

Artigo 8. *Admisión de solicitudes*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. As persoas excluídas, así como as que non figuren nin nas relacións de admitidas nin nas de excluídas, disporán de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para a emenda de defectos.

3. Logo de transcorrido o prazo de reclamacións e revisadas estas, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, coas datas, a hora, os lugares de realización dos exames e as causas de exclusión daquelas persoas que non resultasen seleccionadas.

Esta listaxe publicarase na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Artigo 9. *Tribunais cualificadores*

1. Constituirase como mínimo un tribunal para cada especialidade. Os membros titulares e suplentes do tribunal serán nomeados pola dirección do centro designado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Cada tribunal estará formado por un presidente ou unha presidenta e, como mínimo, dúas persoas que actuarán como vogais. Como secretario ou secretaria actuará o vogal de menor idade no caso de que non haxa acordo. Cando cumpra, poderá formar parte do tribunal profesorado con destino noutro centro, sempre que pertenza á mesma familia profesional.

2. Logo da convocatoria do presidente ou da presidenta, constituirase o tribunal respectivo, coa asistencia da maioría simple dos seus membros, titulares ou suplentes. Na devandita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que corresponda para garantir o correcto desenvolvemento das probas.

3. A partir da súa constitución, para que o tribunal poida actuar validamente requirirase a presenza dun mínimo de tres membros, dos cales un será obrigatoriamente o presi-



dente ou a presidenta. Os membros titulares e os suplentes poderán actuar indistinta e concorrentemente.

4. O tribunal cualificador correspondente resolverá cantas incidencias se susciten no ámbito destas convocatorias. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, os tribunais terán a súa sede na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Os membros dos tribunais percibirán as indemnizacións correspondentes segundo o establecido no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. O tribunal poderá dispor a incorporación de persoal asesor especialista para cada un dos carnés convocados, que lle prestará a súa colaboración ao tribunal nas especialidades técnicas de cada materia. Así mesmo, o tribunal poderá valerse da actividade de persoal auxiliar durante a realización dos exercicios.

Artigo 10. *Desenvolvemento dos exames*

1. Os exames realizaranse nos centros a que se fai referencia no punto 3 do artigo 8 desta orde.

2. Para a realización do exame as persoas candidatas deberán ir provistas do documento oficial que acredite a súa identidade e bolígrafo negro ou azul.

3. Os exames estarán constituídos por dúas partes, que se desenvolverán xeralmente na mesma xornada:

a) Primeira parte. Exercicio teórico escrito consistente na resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre as materias e a regulamentación establecidas para cada especialidade. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia do carné profesional ou da habilitación profesional.

b) Segunda parte. Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun problema ou de



varios problemas, ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos requisitos prácticos propios de cada especialidade.

No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou a secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta, se se require na cuestión algún argumento de reflexión; en caso contrario, non se puntuará o exercicio.

Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. A relación deste material comunicáraselles ás persoas participantes de cada especialidade, de ser o caso, a través da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.

Para os carnés de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, a segunda parte consistirá nunha proba de demostración real de destreza na manobra e na operación co guindastre baixo as instrucións e as indicacións especificadas polo tribunal. Será condición imprescindible ter superada a primeira parte da proba para poder concorrer a esta segunda parte. O tribunal publicará a relación de persoas seleccionadas para realizar a segunda parte da proba e informará da data e do lugar de realización na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Artigo 11. *Cualificación dos exames*

1. A puntuación mínima para superar cada parte corresponderá á metade do valor da puntuación máxima posible da devandita parte. Na parte teórica a nota formarase de acordo coa expresión: número de respostas correctas - (número de respostas incorrectas/3).

2. Os exames cualificaranse como «apto/a» ou «non apto/a». Para considerarse apto/a deberanse aprobar as dúas partes independentemente.

Artigo 12. *Listaxes de cualificacións*

1. O tribunal cualificador publicará a listaxe provisional de cualificacións na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. Disporase dun prazo de cinco días hábiles desde a publicación da listaxe provisional de cualificacións para formular reclamacións ante o presidente ou a presidenta do tribunal



cualificador, que resolverá as reclamacións. Para garantir o anonimato e a obxectividade da corrección, non se permitirá, agás circunstancias excepcionais que deberán estar claramente xustificadas, a revisión presencial dos exames.

3. Finalizado o prazo, o tribunal enviará a proposta da listaxe de cualificacións por especialidades ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen a elevará a definitiva mediante unha resolución. A listaxe definitiva de cualificacións publicárase na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

4. Contra a resolución definitiva poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes desde a súa publicación.

Artigo 13. *Expedición de carnés profesionais e habilitacións profesionais. Notificacións*

Logo de elevada a definitiva a listaxe, as persoas aprobadas recibirán o carné profesional ou a habilitación profesional correspondente. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. A persoa solicitante elixirá, no anexo de solicitude entregado, o medio de notificación polo que prefire recibir as devanditas resolucións. No caso de escoller como medio de notificación preferente o electrónico, as notificacións realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notific@), dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Só se poderá acceder ao contido destas notificacións co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa solicitante.

O Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notific@) remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: sxfp@edu.xunta.es.

Artigo 15. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á «Carpeta do cidadán» da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Arquivamento e destrución das probas*

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa será a encargada do arquivamento dos exames durante un mínimo de tres meses tras a súa finalización. Transcorrido este período, poderá procederse á destrución das probas das cales non se formule reclamación. No caso dos exames reclamados, a documentación conservase durante un período de cinco anos.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I


PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DE DETERMINADOS CARNÉS PROFESIONAIS E HABILITACIÓNS PROFESIONAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED527A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
NACIONALIDADE	TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	DATA DE NACEMENTO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)			
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).			
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, para que poida acceder ao contido delas de forma voluntaria.			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROBAS PARA AS QUE SE INSCRIBE	
<input type="checkbox"/> Operador/a industrial de caldeiras.	<input type="checkbox"/> Carné profesional de operador/a de guindastre torre.
<input type="checkbox"/> Carné profesional de instalacións térmicas de edificios.	<input type="checkbox"/> Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
<input type="checkbox"/> Instalador/a de gas, categoría A.	<input type="checkbox"/> Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.
<input type="checkbox"/> Instalador/a de gas, categoría B.	<input type="checkbox"/> Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
<input type="checkbox"/> Instalador/a de gas, categoría C.	<input type="checkbox"/> Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
<input type="checkbox"/> Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.	<input type="checkbox"/> Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.
<input type="checkbox"/> Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.	
<input type="checkbox"/> Reparador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.	

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: r96v3u66-wx20-nmf9-pvk3-lt6pifdrmmuj7



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**ANEXO I**
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Xustificante de liquidación de taxas (clave 32.07.01).
- Equivalentes académicos ou equivalentes para os efectos profesionais co título da ESO no caso de que fose expedido por outra comunidade autónoma.
- Certificación de superación do curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, cando o estableza a especialidade.
- Certificado de estar cursando un curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, cando o estableza a especialidade.
- Informe da vida laboral para a acreditación da experiencia laboral, cando o estableza a especialidade.
- Certificación de empresa segundo o anexo II para a acreditación da experiencia laboral, cando o estableza a especialidade.
- Certificación de ter superado un exame médico, cando o estableza a especialidade.
- Certificación de programa formativo para manipulación de gases fluorados.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DÉNEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Titulación ou estudos non universitarios requiridos, cando o estableza a especialidade.	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: sxpf@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 15 de febreiro de 2017 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2017.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NA EMPRESA

DATOS DA EMPRESA

NOME

ACTIVIDADE ECONÓMICA

NIF

RAZÓN SOCIAL

- Empresa autorizada polo Regulamento de seguridade de instalacións frigoríficas.
- Empresa autorizada polo Regulamento de instalacións térmicas de edificios.
- Empresa autorizada instaladora ou mantedora de calefacción e auga quente sanitaria (AQS).
- Empresa autorizada instaladora ou mantedora de climatización.
- Empresa que realice instalacións de refrixeración e aire acondicionado de menos de tres quilogramos de gases fluorados.

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI/NIE/PASAPORTE

CARGO

DATOS DO TRABALLADOR OU TRABALLADORA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI/NIE/PASAPORTE

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Breve descrición da actividade laboral desenvolvida

E para que conste e teña efectos onde proceda, por instancia da persoa interesada, expido esta certificación:

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA EMPRESA

(Sinatura e selo da empresa)

Lugar e data

 , de de

Nota: débese xuntar unha certificación acreditativa por cada empresa onde se desenvolvese a actividade laboral.

